

# Análise da mobilidade peonil en Vigo

Semana europea da mobilidade 2024

  
verdegaia

Sustentabilidade ecolóxica  
Xustiza social  
Paz

# Análise da mobilidade peonil en Vigo

A instalación de elevadores e de escadas mecánicas ou a reforma da praza América son algúns exemplos da aposta do Concello para facilitarlles o desprazamento aos peóns.

O elevador entre Menéndez Pelayo e Camelias permitiu reducir a duración do traxecto de máis de 5 minutos a só 30 segundos e evitar unha pendente moi pronunciada.

A reforma da praza América permite que os peóns poidan acurtar o desprazamento cruzando a praza en lugar de ter que rodeala.

Dentro deste contexto correspóndenos, como grupo promotor dos medios de transporte sustentábeis, analizar polo miúdo diversos factores relacionados coa mobilidade peonil que segue sendo a grande esquecida dos plans urbanos de mobilidade.

# Incidencias detectadas

Clasificamos as incidencias detectadas en catro grandes grupos:

## **.Pasos de peóns**

Certos pasos de peóns son perigosos pola falta de visibilidade ou pola velocidade á que pasan os vehículos. Propoñemos alternativas sen necesidade de recorrer aos custosos e insustentábeis semáforos.

## **.Semáforos**

Os tempos dalgúns semáforos prexudican innecesariamente a circulación dos peóns. Analizamos como algúns cambios poden diminuír os tempos de espera sen prexudicar o tráfico da calzada.

## **.Ocupación das beirarrúas**

As terrazas improvisadas e o aparcamento indiscriminado de motos dificultan moitas veces a pasaxe de persoas, cadeiras de rodas ou carriños de bebés.

## **.Infraccións dos vehículos motorizados**

O exceso de velocidade ou a contaminación acústica son algunhas das externalidades dos vehículos motorizados que desprotexen os peóns.

# 1. PASOS DE PEÓNS

## 1.1 Perigosos



### Incidencia

#### Que sucede?

Elevada inseguranza nas rúas con circulación en baixada e con pasos de peóns non elevados

#### Onde?

Fragoso, Tomás Paredes, Pintor Colmeiro,...

### Proposta

- .Elevar os pasos de peóns
- .Reforzar a sinalización dos límites de velocidade
- .E o máis importante, establecer medidas que controlen o cumprimento das normas:
  - que se respecten os límites de velocidade
  - que se tomen precaucións ao aproximarse

# 1. PASOS DE PEÓNS

## 1.2 Pouco visibles



Rúa Ecuador



### Incidencia

#### Que sucede?

A presenza de contedores ou vehículos aparcados xusto onde empeza un paso de peóns dificulta o contacto visual entre peón e condutor

#### Onde?

Manuel Olivie, Ecuador, Couto Honorato,...

### Proposta

Varias cidades están optando por non permitir aparcар no espazo máis próximo ao paso de peóns, basta cun metro e medio para non eliminar prazas de aparcamento.

Na imaxe obsérvase a solución adoptada en Sevilla, conseguindo eliminar o risco.



Rúa San Amaro



Rúa Barcelona



Rúa Manuel Olivie

# 1. PASOS DE PEÓNS

## 1.3 Desviados da traxectoria natural



Rúa Barcelona

### Incidencia

#### Que sucede?

A maioría dos itinerarios peonís fan rodeos para favorecer o fluxo de coches

#### Onde?

O cruzamento entre Gran Vía e Urzáiz é o caso máis extremo pero tamén se verifica noutras zonas: Barcelona, G.Espino,...

### Proposta

A normativa define como '*Itinerario peonil accesible*' aquel que garante o uso e **circulación** de forma segura, cómoda, autónoma e **continua** de todas as persoas.


A continuidade é fundamental para facilitar a camiñada e evitar cruzar en sitios non habilitados pero a administración, consciente de que os condutores non respectan a prohibición de bloquear os cruzamentos, opta por prexudicar os peóns.

## Pasos de peóns afastados

Enténdese que en rotondas de elevado tráfico, como pode ser a praza América, se privilexie a calzada.

Pero en zonas de tráfico reducido como Tomás Alonso (arriba) e Hispanidade (abaixo) non hai motivo para que os pasos de peóns estean excesivamente afastados da traxectoria natural.

- traxecto actual
- traxecto apropiado



**Gregorio Espino: 170 metros sen un paso de peóns**



**Urzáiz - Gran Vía: se dende A a B, non se anticipa o paso en 1, case se duplica a camiñada**



## 2. SEMÁFOROS

### 2.1 Tempos de espera elevados



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

En rúas con pouco tráfico é habitual que os semáforos estean en vermello para os peóns sen que pasen vehículos.

##### **Onde?**

López Mora, Pi y Margall,...

#### **Propostas**

Nestas rúas a maioría dos semáforos non son necesarios porque non hai cruzamentos pero se se decide colocalos deben darlle preferencia ao peón e non á calzada.

A solución pasa por transformalos en semáforos 'baixo demanda', é dicir, con pulsador que se poñan en verde case inmediatamente.

## 2. SEMÁFOROS

### 2.2 Semáforos innecesarios 1



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

En rúas con só un carril os semáforos son innecesarios e prexudican notoriamente os peóns

##### **Onde?**

Cruzamento entre a praza Isabel a Católica e a rúa Brasil

#### **Proposta**

Os intervalos de 10 segundos sen que pasen vehículos na calzada son habituais polo que actualmente se promove que os peóns non respecten o vermello. Substituír o vermello peóns/carril bici por verde e activar o ámbar intermitente para a calzada polo menos durante a metade do ciclo semafórico.

## 2. SEMÁFOROS

### 2.3 Semáforos innecesarios 2



Vídeo da incidencia



#### Incidencia

##### Que sucede?

En rúas transversais, ás que os vehículos acceden realizando un xiro de 90 graos a prioridade ten que ser sempre do peón

##### Onde?

Rúa Girona, rúa Salamanca,...

#### Proposta

Nas varias rúas que soben de Gran Vía cara á rúa Barcelona o peón dispón de 22 segundos nun ciclo de 105 segundos sendo o tráfico mínimo

O resultado, como se pode observar no video, é promover que o peón incumpra as normas (de feito é habitual que durante o verde da calzada pasen menos vehículos que peóns saltando o seu vermello).

## 2. SEMÁFOROS

### 2.4 Semáforos con pulsador



#### **Incidencia**

#### **Que sucede?**

Instalación de semáforos con pulsador onde antes só había un paso de peóns

#### **Onde?**

Ramón Nieto ou Marqués de Alcedo

#### **Proposta**

A instalación de semáforos con pulsador en rúas especialmente perigosas ten sido unha decisión acertada, ao pulsar o peón obtén o verde en poucos segundos.

Non é unha solución ideal, xa que a instalación do semáforo ven dada pola incapacidade das autoridades para controlar a agresividade do tráfico motorizado, pero conséguese que o peón manteña certa prioridade sobre o tráfico da calzada.

## 2. SEMÁFOROS

### 2.5 Verde intermitente curto



#### Incidencia

#### Que sucede?

A normativa indica no Art.23.5 “O tempo de **luz verde intermitente** dos semáforos terá unha duración que, como mínimo, **permita a unha persoa**, situada no centro da calzada no momento do seu inicio, **alcanzar unha beirarrúa** ou illa de refuxio antes de que termine.”

#### Proposta

.Esta normativa, a Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, establece a velocidade do paso humano en 0,5m/s. Polo que para asegurar a pasaxe en seguranza dos peóns, por exemplo nunha rúa con 14 metros de ancho, o verde intermitente debe durar, como mínimo, 14 segundos.

Unha medida que non se verifica en case ningún paso de peóns.

## Analizamos a duración do Verde Intermitente (VI) en catro das rúas máis anchas da cidade

### Camelias (diante do Concello)

17,3 metros

5,1 segundos

Aínda que os 5,1 segundos están lonxe do que establece a norma, é un dos semáforos con maior tempo de aviso aos peóns.

### García Barbón (S.Avendaño)

13,5 metros

2,5 segundos

Tal como a maior parte dos semáforos da cidade está regulado para ter o VI durante 2,5 segundos. Claramente insuficiente nunha rúa con 13,5 m, é habitual ver os peóns a correr.

### Travesía de Vigo (Cantabria)

19,5 metros

2,6 segundos

É o caso máis extremo que analizamos. Nunha das rúas máis anchas da cidade os peóns dispoñen do VI durante só 2,6 segundos.

### Martínez Garrido (túnel)

20,1 metros

6,3 segundos

É unha das rúas máis anchas da cidade e tamén unha das que ten o VI máis longo. Aínda así insuficiente e moi lonxe dos 20 segundos que a normativa debería ter.

## 3. OCUPACIÓN de BEIRRARRÚAS

### 3.1 Motos aparcadas



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

Aparcamiento indiscriminado de motos nas beirarrúas dificultando a pasaxe dos peóns

##### **Onde?**

Toda a cidade pero principalmente no centro e nas Travesas



#### **Proposta**

A falta de prazas de aparcamento e a inacción das autoridades levou a que as motos aparquen incluso en beirarrúas estreitas.

Como se observa nas imaxes, nalgúns casos ocupando a metade do ancho da beirarrúa.

### 3. OCUPACIÓN de BEIRRARRÚAS

#### 3.2 Circulación de motos, bicis e patinetes



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

Circulación indebida de vehículos pola beirarrúa

##### **Onde?**

Nas rúas máis anchas

#### **Proposta**

Sobre as motos, a Ordenanza municipal indica que  
*“o estacionamento en beirarrúas ou paseos farase circulando co motor parado e sen ocupa-lo asento, poidendo utiliza-lo motor para salva-lo denivel do bordillo.”*

Na totalidade dos casos observados incúmprese os dous requisitos e, o máis grave, é que cada vez é máis habitual ver como motos soben á beirarrúa para evitar un semáforo ou un atasco.

Vídeo da incidencia

## 3. OCUPACIÓN de BEIRARRÚAS

### 3.3 Coches parados



#### Incidencia

##### Que sucede?

Coches parados nas beirarrúas

##### Onde?

Non é tan común como o aparcamento de motos pero sucede habitualmente en rúas con só un carril nas que non se pode parar en dobre fila.



#### Proposta

- .Aumentar o control destas infraccións
- .Divulgar o número de infraccións sancionadas
- .Crear un sistema de denuncias voluntarias de modo a incentivar a que sexan os propios peóns os que denuncien as infraccións

### 3. OCUPACIÓN de BEIRARRÚAS

#### 3.4 Terrazas demasiado grandes



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

As terrazas ocupan beirarrúas estreitas, o que dificulta a circulación, especialmente de cadeiras de rodas ou carros de bebés

##### **Onde?**

Toda a cidade, por exemplo rúa Ecuador ou rúa Zamora

#### **Proposta**

A normativa indica “ancho libre de paso non inferior a 1,80 m, que garanta o xiro, cruzamento e cambio de dirección das persoas”. O permiso para terrazas debe ir en función do ancho da rúa, en todo caso deberían deixar o espazo para que se crucen dúas persoas sen problema.

## 4. MOTORES DE COMBUSTIÓN

### 4.1 Exceso de velocidade



Vídeo da incidencia

#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

Exceso de velocidade de coches e motos provocan unha enorme sensación de inseguranza

##### **Onde?**

A creación das Zonas 30 non foi acompañada de medidas de control polo que a norma só se cumpre nas rúas onde xa antes se circulaba amodiño

#### **Proposta**

Unha vez máis a normativa protexe os medios de transporte máis vulnerables pero esíxese unha implicación das autoridades mediante un control (informativo e sancionador) que consiga disuadir condutas perigosas.

## 4. MOTORES DE COMBUSTIÓN

### 4.2 Contaminación acústica



#### **Incidencia**

##### **Que sucede?**

Certa contaminación acústica é inherente ás cidades pero non se pode permitir o uso de escapes preparados ou aceleróns innecesarios

##### **Onde?**

Por toda a cidade

#### **Proposta**

A lexislación tipifica esas infraccións pero unha vez máis falta vontade por parte das autoridades para facer cumprir as normas.

Sen protexer os medios máis vulnerables é moi difícil promover a súa utilización.

## 4. MOTORES DE COMBUSTIÓN

### 4.3 Contaminación atmosférica



#### Incidencia

##### Que sucede?

A ausencia de Zonas de baixas emisións (ZBE) impide que se logren os obxectivos que se procuran coa súa implantación: mellorar a calidade do aire

##### Onde?

Zonas catalogadas como de baixas emisións

#### Proposta

.Os peóns e os ciclousuarios son os máis prexudicados polas emisións dos vehículos a combustión. As ZBE propostas en Vigo son insuficientes e non evitarán a circulación dos vehículos máis contaminantes

.A proposta que presentamos é máis ambiosa: unha zona continua e de maior superficie, de modo que Vigo non quede descolgada respecto a outras cidades

verdegaia 

verdegaia 

Sustentabilidade ecolóxica  
Xustiza social  
Paz